

XXVI Edición especial COVID-19

EROSKI RECIBE O PREMIO CIUDADÁNS POLO SEU COMPROMISO POR GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN E SEGURIDADE DURANTE A COVID-19

- **Recoñecemento polo seu "traballo e entrega profesional ofrecendo un modelo de comportamento solidario e de valores cara á cidadanía"**
- **No 2015 a Fundación EROSKI tamén foi galardoada cun Premio Ciudadáns pola súa implicación e compromiso social**

Madrid, 13 de novembro do 2020.- [EROSKI](#) foi galardoada na *XXVI Edición dos Premios Ciudadáns* na categoría de "Acontecemento do Ano 2020 COVID-19, entidade privada solidaria", nunha cerimonia celebrada en Madrid que estivo presidida polo secretario xeral de Administración Dixital, Juan Jesús Torres Carbonell.

O galardón é un recoñecemento *"ao seu compromiso ante a situación que estamos a vivir polo coronavirus, compartindo as accións que están a levar a cabo nas súas tendas para preservar tanto a saúde dos seus equipos e clientes, como para garantir a actividade e calidade do seu papel de subministradores de artigos de primeira necesidade, estando en contacto acotío coas autoridades sanitarias para actuar axiña e de xeito preventivo"*, sinalou Enrique Barón, expresidente do Parlamento Europeo e membro do xurado dos Premios Ciudadáns.

O director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, encargado de recoller o premio, lembrou *"a carreira contra o reloxo para tomar as mellores decisións que supuxo a declaración do estado de alarma. Decisións para achegar solucións a unha situación sen precedentes na que debiamos garantir a subministración ás nosas tendas baixo a premisa obrigatoria de tratar de garantir ao máximo a seguridade dos nosos equipos e clientes. As medidas de prevención extremáronse e definíronse estritos protocolos para minimizar os riscos, como limitación do número de persoas, distancias de seguridade, equipos de protección individual, pantallas protectoras en caixas, consellos sobre hábitos de compra, etc. E as tensións en toda a cadea alimentaria foron enormes, pero a colaboración de todos os elos permitiu asegurar a subministración de bens de primeira necesidade"*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online

Tamén lembrou o esforzo que EROSKI está a manter para orientar a súa *actividade "en beneficio da colectividade, alimentando a solidariedade coa sociedade e en especial cos máis desfavorecidos"*. Neste sentido, está a levar a cabo numerosas iniciativas solidarias co obxectivo de minimizar as consecuencias que está a producir esta crise sanitaria nos sectores máis vulnerables da sociedade. Dende campañas para a recadación de fondos para a alimentación e hixiene de colectivos en risco de exclusión social canalizadas a través de organizacións como FESBAL ou Cruz Vermella, entre outras; pasando por doazóns de alimentos, máscaras, roupa, etc. ou axudas ás familias numerosas.

O galardón foi outorgado pola entidade sen ánimo de lucro Asociación Premios Ciudadáns para poñer en valor *"as entidades e colectivos profesionais que en situación límite, co seu traballo e entrega profesional, nos ofreceron un modelo de comportamento solidario e de valores cara á cidadanía"*, explicou Enrique Barón.

Segundo Premio Ciudadáns para EROSKI

No 2015 a Fundación EROSKI foi galardoada na *XVI Edición dos Premios Ciudadáns* na categoría de "Saúde e Calidade de Vida". O premio recoñecía o seu compromiso coa investigación, desenvolvemento e innovación en relación co consumerismo, a alimentación, os hábitos de vida saudables, a solidariedade e a promoción asistencial.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*